

## ACTA DA REUNIÓN DO XURADO

Ás dez da mañá do luns trece de decembro de 2010, na Delegación de Ferrol do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, e dispoñendo pechados os sobres “1” e “2” das 32 propostas presentadas ao “Concurso de ideas para a nova sede da delegación do COAG en Ferrol”.

De acordo coas bases do concurso, constitúese o Xurado baixo a presidencia da Dna María de la Luz Fernández Lemos, con Dna. Olga Fra Gálvez como secretaria do mesmo.

Son membros do xurado xunto coa presidenta e a secretaria, a tesoreira Dna. Rosa Vilas Romalde, o arquitecto responsable da CAT da Delegación de Ferrol D. José María Paniagua Brea, e os arquitectos D. Alberto Noguero del Río, designado pola Xunta directiva, e D. Celestino García Braña, designado pola Xunta de goberno do COAG.

A secretaria está presente con voz pero sen voto.

Ábrense os sobres “2” das 32 propostas para a súa valoración por parte do Xurado. Os membros do Xurado coinciden en sinalar o interese e versatilidade das propostas presentadas, e queren transmitir o seu agradecemento aos participantes. Despois dun proceso de deliberación, fállase o concurso da seguinte maneira:

Distínguense con mencións as propostas “¿Juegas al palé?” e “Piel sensible”. Os membros do Xurado coinciden en sinalar que a orde en que se relacionan non supón valoración dos seus méritos e que o valor das dúas propostas é similar.

Distínguese como gañadora a proposta “Aberto ó público”. Examinados os criterios que recollen expresamente as bases, puntúase a funcionalidade da proposta con vinte puntos, a sustentabilidade con vinte puntos, a adecuación ao programa de necesidades con vinte puntos, e a viabilidade económica con quince puntos. Valórase a flexibilidade á hora de resolver o programa e a boa relación co espazo inmediato, en especial a configuración da entrada. A disposición dos espazos de servizo no interior dos muros crea un peche de grande inercia térmica, conxugado cunhas aberturas de ocos favorables á entrada de radiación solar. De acordo coas bases, o xurado manifesta que é convinte introducir recomendacións e modificacións na proposta seleccionada, cambios que se acordarán detalladamente cos autores no desenvolvemento posterior da proposta.

A continuación ábrese os sobres “1” identificados exteriormente cos lemas das propostas que corresponden co premio e as mencións xa concedidas. Desta forma verifícase a identidade dos premiados, que é a que se detalla a continuación:

MENCIÓN, lema “¿Juegas al palé?”, presentado por Dosesmas arquitectos, SCP.

MENCIÓN, lema “Piel sensible”, presentado polo arquitecto Alfredo Sirvent Silveira.

PREMIO, lema “Aberto ó público”, presentado polas arquitectas Rosa María del Río Pastoriza e Carolina Domínguez Gómez,; colabora Laura Álvarez Crespo.

Cumplidos estes trámites, a Presidenta do Xurado entende por finalizadas as deliberacións e o fallo. Sen outro particular resolve a convocatoria ás oito da tarde.